

MASTER GAITA: CÓMO, POR QUÉ E PARA QUÉ

JOSÉ J. PRESEDO

ABSTRACT: New tech resources have been quickly adapted to musical instruments, not forgetting those ones belonging to the so-called ethnic music. This short article presents the new Master Gaita (bagpipe) as an easy apliable MIDI controller for all type of bagpipes.

A confluencia acérrima na miña personalidade das afeccións apaixonadas pola música, a electrónica e a informática, tivéronme sempre esperto máis do que o meu corpo tería desexado. Dende moi pequeno tiven a lideira de desmontar cousas eléctricas, de petar e soprar en cada cousa nova que atopaba para ver que son conseguía e, dende que vin por primeira vez un ordenador, de argallar nas súas teclas para ver cal era a súa resposta aos meus mandados. Nunca fun máis feliz con ningunha destas afeccións por separado -nin con outras moitas coma a pesca, o tiro con arco, o balonmán, etc.- como cando fun quen de xuntar aquelas tres, hai xa máis de vinte anos, nun proxecto común: a que hoxe chamo “*Master Gaita*”.

Nos anos 80, vivindo no meu pobo natal de Bergondo (A Coruña), comecei este proxecto coa montaxe dun aparello electrónico que pretendía ser a base de unha ‘*gaita electrónica*’. Tratábase –e trátase, porque inda conservo esta placa datada en 1.984- dun sintetizador de son que funcionaba conectado a un ordenador *Spectrum* e que contaba con portos de entrada que debían ir conectados aos sensores táctiles do punteiro. Utilizaba uns ‘*chips*’ de desguace de máquinas “tragaperras” que me regalou o meu amigo Paco Martínez Cernadas.

Por cuestións de traballo, tiven que trasladarme a Pontevedra en 1986 quedando o proxecto detido ata que puiden retomalo arredor do ano 2000. Evidentemente, a electrónica deu, nestes anos, un paso de xigante e custoume coller de novo a forma. Partindo daquel antigo deseño din en debullar máis de media ducia de prototipos que foron corrixindo a derrota cara ao rumbo que tiña fixado na mente dende que era un adolescente: crear un instrumento electrónico que me permitira tocar utilizando a dixitación da gaita. Afortunadamente, nos anos 80 tamén se creou un estándar de comunicación de instrumentos musicais dixitais (*MIDI = Musical Instruments Digital Interface*) que viría a simplificar moito o meu traballo e a facer compatible a *Master Gaita* con outros aparellos que funcionan baixo esa norma.

Por outra banda, o avance espectacular da informática, a súa introducción en millóns de fogares de todo o mundo e, sobre todo, a creación da ‘rede de redes’ “*Internet*”, propiciou o renacer daquel proxecto case que esquecido da “*gaita electrónica*”.

A *Master Gaita* é, en realidade, un controlador MIDI con dixitación de gaita. Se imos un pouco máis ao fondo, poderíamos dicir que é un controlador coas propiedades funcionais da gaita, porque este instrumento é, formal e funcionalmente, moi diferente da maioría dos outros instrumentos de vento, metal, madeira, etc. A característica principal

que o distingue de todos eles é a produción ininterrompida de son. Isto fai que se teñan que administrar técnicas especiais para as articulacións das notas como son, por exemplo, os picados e/ou batementos de separación. A *Master Gaita* trata, pois, de imitar a execución da música de gaita sobre un soporte electrónico-informático que permita ter a sensación de estar a tocar aquel instrumento amortiguando os contras que poidera ter en determinados ambientes, e sumando os innegables pros do apoio informático e o tratamento dixital do son e a interpretación.


Se ben para min naceu a *Master Gaita* coma un xoguete, despois de tela mostrado a ducias de gaiteiros e de que estes estean a utilizada a cotío en varias actuacións e traballos discográficos, estou empezando a pensar que se trata de unha ferramenta que nos pode axudar aos amantes da gaita a utilizar as novas tecnoloxías como xa hai tempo que fan moitos outros músicos.

Nin que dicir ten que a *Master Gaita* non é explicitamente unha gaita do mesmo xeito que un teclado MIDI non é un piano. Neste senso gustárame citar un par de comentarios de outros tantos amigos sobre este tema: dicía Xesús Vaamonde Manteiga, no curso dunha presentación, que este aparello ben pode dar lugar a un novo instrumento dado que, se ben foi creado para imitar á gaita, ten a súa propia idiosincrasia interpretativa, formal e mesmo funcional. En canto a que a *Master Gaita* teña ou non que imitar as liñas de deseño da gaita, o acordeonista, artesán e gaiteiro Roberto Grandal apuntaba que non hai ningunha necesidade por canto a súa razón de ser e só a interpretación e non a estética. Neste senso a *Master Gaita* terá que buscar o seu propio camiño sen ter obrigatoriamente que cingirse a patróns preestablecidos para un instrumento anterior con carta de natureza de seu.

Pola evidencia, estes e outros comentarios e polas miñas propias conviccións é polo que a *Master Gaita* só ten de gaita parte do nome e o espírito. O resto ten vocación de futuro, independencia e liberdade. As posibilidades de utilización non vou dicir, por respecto aos coñecementos matemáticos do gaiteiro Area, que son infinitas, pero si que son moi grandes. Dende cultivar os “*muñóns*”, que diría Marcos Campos, ata a experimentación sonora mística e astral en programas informáticos como o Reason, pasando pola autoformación ou a autosatisfacción botando unha *repichoca* ás catro da mañá sen ter que dar explicacións ao presidente da comunidade nin ao cabo da Policía Municipal (claro que, se un ten parella, igual é mellor explicarse con calquera dos dous que con ela...)



Dúas *Master Gaitas* con sensores para destros e zurdos máis un tubo preparado para dixitación escocesa.



O Sintetizador de son do primeiro prototipo de 1984